



Nº Expediente: 2017/C003/000001

Asunto: Contratación de ÁREA DE OCIO E DESCANSO NO PARQUE DO ROMEIRO

MESA DE CONTRATACIÓN (1)

ACTA DE APERTURA DOS SOBRES "A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA", E SI PROCEDE, APERTURA DOS SOBRES "B: REFERENCIAS TÉCNICAS" PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO DO SEGUINTE CONTRATO :

Obra: ÁREA DE OCIO E DESCANSO NO PARQUE DO ROMEIRO

Importe de licitación: 37.409,00 IVE incluído (Prezo sen IVE 30.916,53 €; IVE: 21,00 %

ASISTENTES

PRESIDENTE:

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

VOGAIS:

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Don José Camilo Casal García, concelleiro

Don Antonio Rodríguez Fabello, arquitecto municipal

Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do concello

Don Jorge Vidal Zapatero, interventor municipal.

SECRETARIA:

Dona M^a Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 13:00 horas do mércores 29 de marzo de 2017, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á apertura dos sobres A: Documentación administrativa, e si procede, apertura dos sobres B: Referencias técnicas, no procedemento para adxudicar a obra anteriormente citada.

Segundo se desprende da busca efectuada no sistema informático de rexistro xeral de entrada e saída de documentos, presentáronse para tomar parte na licitación da "ÁREA DE OCIO E DESCANSO NO PARQUE DO ROMEIRO", as seguintes empresas:

EMPRESA	DATA PRESENTACIÓN OFERTA (e, no seu caso, do envío de fax)	Nº REXISTRO (sobres e/ou fax)	SOBRES (e, no seu caso, envío de fax)
SAAVEDRA Y LÓPEZ, S.L.	23/03/17	1524	Sobres A, B e C
JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.	24/03/17	1552	Sobres A, B e C
PRIETO MOURIZ, S.L.	24/03/17	1566	Sobres A, B e C
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	24/03/17 27/03/2017	1568 1577	Anticipa fax anunciando o envío dos sobres A, B e C Sobres A, B e C



A continuación, A Mesa procede á calificación previa dos documentos presentados en tempo e forma; para o cal o Presidente ordena a apertura dos sobres **A**, que fan referencia á "Documentación administrativa ", resultando o seguinte:

- A documentación presentada é correcta.

A continuación o Sr. Presidente ordena a apertura dos sobres "**B**" (Referencias técnicas) das empresas participantes na licitación.

A Mesa acorda:

- 1º.- Solicitar un informe técnico de valoración das referencias técnicas contidas nos sobres "B".
- 2º.- Reunirse de novo para comprobar a valoración técnica e continuar coa apertura dos sobres "C".
- 3º.- Publicar a presente acta na páxina web do Concello de Cedeira.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 13:30 h. do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.